

CHAN
DA
PÓLVORA

Espazo
de creación



O traballo de **Julia Fuentesal** (Huelva, 1986) e **Pablo M. Arenillas** (Cádiz, 1989) parte dunha renuncia consciente de calquera retórica formalista para concentrarse nunha experiencia física e emocional coa súa realidade próxima. As súas composicións simples, sexan os obxectos banais que rescatan do cotián, como os debuxos ou monocromos nos que se afanan a dúas mans, remiten case sempre a unha experiencia directa cun mundo sensible. Neste sentido o seu traballo cingúese á escala dos seus propios movementos, a todo aquilo que habita e está ao alcance da súa

man e da súa mirada. Enunciado doutro xeito, observan con respecto e fascinación toda unha serie de fenómenos e artefactos que parecen ter vida propia, alterando mínima e cautelosamente as leis físicas e dinámicas que lles son propias.

Cada un dos seus traballos pretenden ser lidos sen dogmatismos, desde as subxectividades de quen con seguridade van recoñecer unha certa familiaridade en cada obxecto ou imaxe. Aínda que non existe unha narrativa definida ao uso, un escenario inicial está sempre presente, libre para todo aquel que se aventure a desatar os nós e imaxinar posibles conexións entre

Fuentesal & Arenillas

You Create What You Will

Librería Chan da Pólvora [Rúa de San Pedro, 74] • Inauguración: 12 maio 2017 / 20.00 h / Santiago de Compostela.





cada relato. Con este enfoque de conxunto, Fuentesal & Arenillas ocupáronse a partes iguais do seu propio traballo como do espazo no que se visibiliza, conscientes de que a obra non pode dialogar

exclusivamente consigo mesma senón tamén co contexto físico, social e emocional en que se inscribe. Non obstante, neste espazo de intermitencias poéticas, a biografía dos artistas está presente en cada traballo, desde unha perspectiva xenerosa e sempre dirixida ás percepcións e complicidades que se poden establecer con cada espectador.

Para a súa intervención no **muro do chán**, *You Create What You Will*, os artistas crearon unha obra específica que se conecta con outro acontecemento sucedido hai máis de vinte anos en Compostela, nas inmediacións do lugar onde agora instalan o seu traballo. Referímonos á exposición *A Possible Landscape*, a grande exposición de Félix González Torres celebrada no CGAC entre decembro de 1995 e marzo de 1996, e que deixou unha pegada profunda en todos os que se asomaron ao CGAC naqueles tempos nos que a institución daba os seus primeiros pasos.

Fuentesal & Arenillas realizaron unha profunda inmersión na obra do artista cubano a partir do seu propio traballo, localizando afinidades e poéticas comúns pero, sobre todo, á procura dun verdadeiro encontro emocional: «Unha mirada guiada polo xesto do tempo que poida lerse indiferentemente de esquerda a dereita, e de dereita a esquerda; lonxe de todo idealismo, mostrando a dualidade da práctica artística que evoca o traballo dos artistas por medio do traslado do debuxo, levando a materia ao seu desgaste, impregnando o soporte de trazos, unificándose e creando unha masa sólida onde se reflicte a luz coa axuda dunha sutil lámina de vidro que descansa sobre a materia debuxada».

A nosa peza xoga coa evidencia, coa asociación poética e coa personificación de obxectos. E como Félix González-Torres explica: «O significado, en realidade, está aí, só hai que mirar».

Julia Fuentesal e Pablo M. Arenillas

Viven e traballan en Madrid. Graduados en Belas Artes pola Universidad de Sevilla en 2014, realizaron a súa primeira exposición individual –*We are looking for...*– dentro do programa de bolsas Iniciararte 2015, e comisariada por Juan de Nieves. En xaneiro do 2017 participaron no proxecto *Boiler Room* da galería Luis Adelantado, Valencia, con *Why animals travel*.

Participaron en exposicións colectivas como *¿Qué sienten, qué piensan...?*, Centro Andaluz de Arte Contemporáneo 2017; *Un lugar en el mundo*, Fundación la Caixa, Sevilla 2016; CALL International galería Luis Adelantado, Valencia 2015; *Hombre Vs Naturaleza* en Arts Operandi para la Sala AB9, Murcia 2015; FINDE, Centro de Creación Con-



Fuentesal & Arenillas

temporánea ECCO, Cádiz 2014; FERIA de Arte público Fundamenta 3.0 La Sensa, Venecia, Italia 2014; Estudio 120m, Museo Wurth, La Rioja 2014; *Without*

contraries is no progression, Sala El Butrón, Sevilla 2014; Marca España, Europe Creative Center (ECC) Berlín 2013.